



Guía Docente						
Datos Identificativos				2023/24		
Asignatura (*)	Literatura Española		Código	613G01011		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Letras					
Coordinación	Rico Alonso, Sonia	Correo electrónico	sonia.rico.alonso@udc.es			
Profesorado	Pena Sueiro, Nieves Rico Alonso, Sonia	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es sonia.rico.alonso@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Introducción á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras.					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar críticamente as súas producións.	A1 A2 A5 A11 A15 A17	B1 B5 B6 B7 B10
Adquirir capacidades e sentido crítico para o estudo e a análise literaria de textos españois.	A1 A2 A5 A11 A15 A17	B1 B5 B6 B7 B10

Contidos		
Temas	Subtemas	
1. Idade Media	1.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura medievais. 1.2. Análise e comentarios de lírica tradicional. 1.3. Análise e comentarios de las Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique. 1.4. Análise e comentarios de La Celestina.	
2. Século XVI	2.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Renacemento. 2.2. Análise e comentarios de Garcilaso de la Vega 2.3. Análise e comentarios de Lazarillo de Tormes.	
3. Século XVII	3.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Barroco 3.2. Análise e comentarios de El Quijote. 3.3. Análise e comentarios de lírica do XVII. 3.4. A comedia áurea en El caballero de Olmedo, de Lope de Vega.	



4. Da Ilustración ao Realismo-Naturalismo	4.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura nos séculos XVIII e XIX. 4.2. Movementos, autores e xéneros. 4.3. Análise e comentario de El sí de las niñas, de Moratín. 4.4. Análise e comentario de Espronceda, Bécquer e Rosalía de Castro. 4.5. Analise e comentario de obras do Realismo. Contos de Pardo Bazán.
5. Do Modernismo ás vanguardas e o 27	5. 1. Introdución: sociedade, cultura e literatura. 5. 2. Movementos, autores e xéneros. 5.3. Análise e comentario de prosa e lírica modernista (selección). 5.4. Análise e comentario de poesía das vanguardas e 27 (selección). 5.5. Analise e comentario de teatro. Luces de Bohemia, de Valle-Inclán.
6. Poesía e novela desde 1939	6.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura. 6.2. Novela: Nada, de Carmen Laforet. 6.3. Selección de poesía actual.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	45	3	48
Discusión dirixida	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	45	3	48
Lecturas	A1 A2 A11 A17 B1 B6	0	80	80
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	4	40	44
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns e terán carácter teórico e expositivo. No formato de grupo reducido tense como obxectivo favorecer a participación activa do alumnado, que computa igualmente para a cualificación final.
Discusión dirixida	Nas aulas en grupo reducido desenvolveranse comentarios guiados sobre textos das lecturas. Á final de cuadrimestre avaliaranse, mediante proba escrita e controis, a destreza adquirida nestes comentarios e as lecturas realizadas.
Lecturas	En todas as aulas traballarase sobre textos de lectura obligatoria, indicados na presente guía docente ou en Moodle. Cómpre facer as lecturas antes da explicación do tema, para o seu correcto aproveitamento.
Proba obxectiva	Unha proba escrita (exame) na data oficial asignada no mes de xuño, con nova convocatoria de segunda oportunidade en xullo. Nestas probas, o alumnado deberá amosar o seu dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesión maxistrais e tamén nos grupos reducidos e seminarios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Discusión dirixida	A atención personalizada de carácter presencial darase durante o horario oficial de titorías ou, no seu caso, a través da plataforma Moodle ou por correo electrónico.
Proba obxectiva	
Sesión maxistral	



Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción		Cualificación
Discusión dirixida	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Realizarase un exercicio combinado de comentario de texto literario e de control de lectura. Trátase de dúas probas (25% + 25%), en horario lectivo e á final de cada período (decembro e maio).		50
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas (exames) pertinentes.		50

Observacións avaliación



As anteriores porcentaxes son orientativas.

Para completar a información, cómpre ter en conta o seguinte:

1. O 50% da cualificación final obterase polas

probas escritas (exames) en convocatorias oficiais de primeira e de segunda oportunidade. Para aprobalas, e para aprobar a materia, deberase obter nelas un mínimo de 4 sobre 10. Por exemplo, un 3 no exame non é posible compensalo cun 7 polas actividades.

2. Con independencia do anterior, haberá un

exame opcional en xaneiro que permitirá liberar contidos da primeira parte da materia.

Volver a presentarse a esta parte nas convocatorias de maio e de xullo

significa que a segunda cualificación, sexa esta cal sexa, prevalece sobre a primeira.

3. O 50 % restante obterase mediante a

realización de dúas actividades durante o curso. Trátase de dúas probas (25% + 25%), en horario lectivo e á final de cada período (decembro e maio), que consistirán nun exercicio combinado de comentario de texto e de control de lectura.

4. Non

computa para a nota a asistencia ás aulas, porén, dado o carácter interactivo e o peso dos comentarios no curso, parece indispensable a asistencia.

5. Para obter cualificación é indispensable

presentarse ás convocatorias oficiais, tanto en primeira como en segunda oportunidade.

6. Toda avaliación positiva de calquera das

partes será gardada para a cualificación da seguinte oportunidade, dentro do mesmo curso. No caso das actividades, contará a media entre as de decembro e maio, e a única recuperación delas será en xullo.

7. A convocatoria adiantada de decembro

consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba específica sobre comentario e lecturas (50% da cualificación). Esta última pode ser oral.

8. O alumnado con dispensa académica

recoñecida deberá

comunicar a súa situación por escrito a nieves.pena.sujeiro@udc.es, co asunto:

?Dispensa de asistencia 2023-2024", en canto comece o curso ou sexa

efectiva a matrícula.

9. O punto anterior é de aplicación tamén ao alumnado con problemas xustificados para a asistencia regular ás aulas.

10. As probas escritas e as actividades deberán

cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística en español, lingua regulamentaria do curso: acentuación, ortografía, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal, etc. A penalización por faltas graves na escrita será de medio punto en cada caso. Para estudiantes de lingua estranxeira, será indispensable un dominio razonable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita.

11. Calquera forma de plaxio, como a cita de

traballo alleos sen a marca de tal ou sen a referencia correspondente, suporá o suspenso para a proba ou traballo. O mesmo aplicarase a calquera forma de copia indebida nas probas ou exames. O control farase mediante o programa de detección de plaxios Turnitin, autorizado pola Xunta de Facultade.

12. Forma parte das obrigas do alumnado estar

ao corrente do curso e das actividades mediante a consulta periódica da

plataforma Campus virtual.

13. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán dirixirse aos servizos disponíbeis na UDC, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico: Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>) ou coa titora ADI da Facultade de Filoloxía (pat.filoloxia@udc.gal).

14. Lémbrese que os dereitos e deberes do

alumnado da UDC están recollidos no Estatuto do Estudiantado, na web institucional:

<https://www.udc.es/estatuto> O resto de normativa pode consultarse en:

<https://www.udc.es/gl/normativa/estudiantes/>



Fontes de información

Bibliografía básica	Lecturas obligatorias .PRIMEIRA PARTEIidade Media 1. Selección de textos de lírica tradicional (pdf en Campus virtual).2. Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique (pdf en Campus virtual).3. Fernando de Rojas, La Celestina, ed. de F. J. Lobera, G. Serés e otros. Madrid: Real Academia Española, 2011.??Edición alternativa: P. E. Russell, ed. Madrid: Castalia, 1991.??Edición alternativa: D. S. Severin, ed. Madrid: Cátedra, 1992. Século XVI 3. Selección de textos de Garcilaso de la Vega (pdf en Campus virtual).4. Lazarillo de Tormes, ed. Francisco Rico. Madrid: Real Academia Española, 2011.--Edición alternativa: F. Rico. Madrid: Cátedra, 2006.--Edición alternativa: A. Blecua, ed. Madrid: Castalia, 1974.--Edición alternativa: A. Ruffinato, ed. Madrid: Castalia, 2001.--Edición en liña: Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2004: http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc542k8 Século XVII 4. Miguel de Cervantes, capítulos 23 a 27 da Primeira parte de Don Quijote de la Mancha, edición en liña do Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes), dirixida por Francisco Rico: < http://cvc.cervantes.es/literatura/clasicos/quijote/ > (consultado a 09/07/2019).??Edición alternativa, en papel. Barcelona: Instituto Cervantes, Galaxia Gutenberg (Círculo de Lectores) e Centro para la Edición de los Clásicos Españoles, 2004 (2 vols.).5. Selección de textos líricos do XVII (pdf en Campus virtual).6. Lope de Vega, El caballero de Olmedo, ed. Francisco Rico, 12ª ed. Madrid: Cátedra, 2004.??Edición alternativa, electrónica, por Ignacio Arellano, Universidad de Navarra (2013), descargable en pdf a través de Campus virtual..SEGUNDA PARTESéculo XVIII7. Fernández de Moratín, Leandro, El sí de las niñas. Barcelona, Crítica, 1994.Século XIX8. Pardo Bazán, Emilia, Cuentos, selección en pdf facilitada en Campus Virtual. 9. Selección de Espronceda, Bécquer y Rosalía de Castro (pdf en Campus Virtual). Século XX-XXI10. Selección de poemas de vanguardia e 27, en Campus virtual. 11. Valle Inclán, Ramón del. Luces de Bohemia, ed. J. M. Paz Gago. Madrid: Pigmalion, 2020. 12. Laforet, Carmen. Nada, ed. de José Teruel. Madrid: Cátedra, 2020.13. Selección de textos de poesía actual en Campus virtual.
Bibliografía complementaria	Lecturas recomendadasManuais Alberich, J. et al., dir., Historia de la Literatura Española, Madrid: Cátedra, 1990.Alvar, C., J. C. Mainer y R. Navarro Durán, Breve historia de la literatura española, Madrid: Alianza Editorial, 1997.Mainer, J. C. dir., Historia de la literatura española, Barcelona: Crítica, 2010. 9 vols.Rico, F. dir., Historia y crítica de la literatura española, Barcelona: Crítica, 1983.-Rodríguez Cacho, L., Manual de historia de la literatura española, Madrid: Castalia, 2009. Estudios Aguilar Piñal, F., Introducción al siglo XVIII, Madrid: Júcar, 1991.Bataillon, Marcel, Erasmo y España: estudios sobre la historia espiritual del siglo XVI, trad. de Antonio Alatorre, Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1995. [2ª ed., 5ª reimpr.]Curtius, Ernst, Literatura europea y Edad Media Latina, México: FCE, varias eds.García de la Concha, V., ed., El Surrealismo, Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1982. Gies, David, ed., El romanticismo, Madrid: Taurus, 1989. Guillén, Claudio, El primer Siglo de Oro: estudios sobre géneros y métodos, Barcelona: Crítica, 1988. Lewis, C.S., La imagen del mundo: introducción a la literatura medieval y renacentista, Barcelona: Península, 1997. Lissorgues, Y., M. Palenque Francisca Soria, ?Del Realismo al Fin de Siglo. Sociedad y arte literario?, en V. García de la Concha, dir., y F. Romero Tobar, coord., Historia de la literatura española. Siglo XIX, Madrid: Espasa-Calpe, 1998, pp. 1-90.Litvak, L., ed., El Modernismo, Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1975.López Bueno, B., coord., La Renovación Poética del Renacimiento al Barroco, Madrid: Síntesis, 2006.Mainer, J. C., La Edad de Plata (1902-1939), Madrid: Cátedra, 1983.Mainer, J. C., De posguerra (1951-1990), Barcelona: Crítica, 1994.Riley, Edward C., Cervantes? Theory of the Novel, Oxford: Clarendon Press, 1962, traducido como Teoría de la novela en Cervantes, Madrid: Taurus, 1966. Romero Tobar, L., Panorama crítico del Romanticismo español, Madrid: Castalia, 1994.Ruiz Pérez, P., Manual de literatura española de los siglos de oro, Madrid: Castalia, 2000.Strosetzki, Christoph, ed., Teatro español del Siglo de Oro: teoría y práctica, Frankfurt am Main: Vervuert, 1998.Yndurain, Domingo, Humanismo y Renacimiento en España, Madrid: Cátedra, 1994.

Recomendación

Materias que se recomienda cursar previamente

Lingua Española 1/613G01001

Introducción aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

Materias que se recomienda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia regular ás aulas é indispensable. Calquera circunstancia que a dificulte deberá ser comunicada e consultada co profesorado ao inicio do curso. Salvo indicación en contra, non se admitirán traballos por correo electrónico. O único soporte para a entrega será o papel. As lecturas obligatorias faranse nas edicións críticas recomendadas arriba ou, no seu caso, nas consultadas co profesorado. A guía docente é o documento público onde se visualiza a proposta académica da UDC e o marco regulamentario oficial destes estudos. Como tal, é o documento de referencia que obriga a docentes e a estudiantes.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías